

INFORMACIÓN SOBRE AS PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

- As prácticas externas extracurriculares (PEE) levaranse adiante a través da Fundación Universidade de Vigo (FUVI): <https://fundacionuvigo.es/?lang=es>
- Na Facultade de Fisioterapia, a responsabilidade das PEE é da profesora Abalo.
- Levalas adiante esíxelle ao alumnado que as queira realizar ter o 50% dos créditos da Titulación superados (120 ECTS).
- As PEE faranse en centros que estean conveniados previamente coa Uvigo, ben porque xa exista ese convenio (exemplo, cos centros dependentes do SERGAS ou aqueles onde se estean a facer as *Estancias Clínicas*), ben que se estableza dito convenio previamente á realización das PEE.
- Para facer un convenio cun centro para as PEE:
 - o Pode entrar o alumno en contacto co centro no que estea interesado.
 - o Despois hai un contacto entre a responsable das PEE, ou a persoa que ela designe, e dito centro (ver as súas características, sobre todo en canto a número de fisioterapeutas, número de pacientes por fisioterapeuta, tempo de tratamento adicado por paciente, especialidades coas que se traballa,... -que cumpre cuns requisitos mínimos- e faise unha visita institucional).
 - o Unha vez dado o visto bo pola persoa que fixo dito contacto, de selo caso, a FUVI inicia o proceso para asinar o convenio de colaboración entre as dúas institucións.
- O proceso de levar adiante unhas PEE:
 - o Contacto do alumno co centro ao que quere asistir (e co fisioterapeuta-titor ou titora en dito centro), así como co docente da Facultade que quere que lle faga de titor/titora académico/a.
 - o Compromiso cunhas datas e cun horario co fisioterapeuta-titor do centro clínico.
 - o Entrega á responsable das PEE de dita solicitude cun compromiso de datas e horario.
 - o Cúbreanse e asínanse os formularios pertinentes para facer as PE (documentos D3 e D4). En función dos créditos superados polo alumno, estableceranse uns obxectivos ou outros nas PEE.
- Cada 30 horas de PEE validarase por 1 ECTS. Máximo número de créditos validables: 6 (pero non implica que non se poidan facer máis de 180 horas de PEE).
- As funcións do titor académico son, basicamente:
 - o Establecer os obxectivos e competencias a adquirir.
 - o Establecer contacto co centro de prácticas durante o período de realización das PEE a modo de control.
 - o Solicitar un informe ao alumnado sobre o traballo e as tarefas realizados.
 - o Elaborar un informe de valoración do alumno (*a posteriori* de que reciba as valoracións do fisioterapeuta-titor -D5- e do estudante -D6-, así como a memoria das PEE por parte do estudante).